

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VALENCIA COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR A ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA ACOLLIDA NO CENTRO DE DÍA DE VALENCIA (VENEZUELA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Valencia, Venezuela, o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Valencia co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da asistencia ás persoas galegas acollidas no centro de día de titularidade desta última.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

En Venezuela, segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, a 1 de decembro de 2022 residían preto de 27.000 persoas de orixe galega. O país está atravesando unha realidade social, política e económica que repercute negativamente no conxunto da sociedade e da que non se libran as persoas galegas que viven alí, as cales están abocadas a unha situación de carencia ou sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

A Hermandad Gallega de Valencia en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade que, entre outros fins, ten o de acoller ás persoas emigrantes galegas residentes na súa área xeográfica, así como a difusión dos valores tradicionais, sociais e culturais de Galicia nesa cidade.

Esta entidade está a realizar un destacado labor social dirixido á mellora da calidade de vida das persoas maiores pertencentes á colectividade galega emigrante. Para isto conta cun centro de día, instalación especializada onde un grupo de profesionais se dedica á prevención, tratamento e coidado das doenzas asociadas á idade. O centro presta atención médica e alimentaria e desenvolve, entre outros, programas de fisioterapia e actividades socio asistenciais ao longo de toda a semana, o que permite que as persoas usuarias (que non se atopan nunha situación de total dependencia) pasen nos seus fogares as noites e as fins de semana e continúen vinculadas á súa contorna.

A Hermandad Gallega de Valencia é a entidade de referencia para a importante poboación de orixe galega residente nesa cidade e na súa área xeográfica de influencia. Esta poboación constitúe un colectivo potencialmente susceptible de beneficiarse dos programas e as actuacións que executa a Secretaría Xeral



da Emigración, coa que a entidade está colaborando activamente.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración coa Hermandad Gallega de Valencia para contribuír á prestación de asistencia á poboación galega residente en Valencia e na súa área de influencia que, por razóns de carencia ou de dependencia, se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo destas prestacións, dado que a entidade conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestar o servizo.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de **dez mil euros (10.000 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, única destas características en Valencia, é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrência pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica en razóns de carácter social e humanitario, na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida da poboación emigrante de orixe galega residente en Valencia (Venezuela) que presente problemas asociados á súa idade e/ou circunstancias socio familiares.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

